

#### Base 14.- Subvencións.

Ademais das axudas á escolarización, as de emerxencia social e as de fomento da natalidade, con cargo aos créditos que, se fora o caso, se consignen nas correspondentes aplicacións do orzamento de gastos, que constituirán o seu límite máximo, poderán concederse subvencións en réxime de concorrencia competitiva segundo a dispoñibilidade orzamentaria. As súas bases reguladoras apróbanse no marco das bases de execución deste orzamento segundo o seguinte. As subvencións poderán ter como finalidade a realización de actividades de carácter cultural, de ocio e tempo libre e promoción e fomento do deporte, así como os gastos de funcionamento das entidades que desenvolvan actividades desta índole. Exclúense as actividades de ocio e tempo libre que non teñen un contido predominantemente cultural ou deportivo. En ningún caso se subvencionaran comidas. Poderán ser beneficiarias todas as persoas físicas ou xurídicas, asociacións, agrupacións, comunidades veciñais, comités organizadores, etc., que teñan personalidade xurídica propia, dispoñan de CIF e que carezan de fins de lucro e realicen actividades de interese xeral, en especial para este municipio, domiciliadas nel, que se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, que non estean incursas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas, que cumpran os requisitos establecidos no art. 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións. Tales extremos acreditaranse documentalmentemente, comprobaranse de oficio cando sexa posible ou mediante declaración. O seu importe, xunto con outras axudas, non poderá superar o 100 por 100 do custo da actividade ou investimento. A xustificación realizarase mediante a presentación dunha declaración do beneficiario na que acredite o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e declare si se recibiron ou non outras axudas para o mesmo fin, indicando importe e entidade que a concedeu, no seu caso, e unha relación de gastos ou certificacións de obras, acompañada de facturas orixinais ou compulsadas, ou no caso de concursos, os recibos dos premios, que sumen polo menos o importe da subvención concedida. A sinatura do Sr. Alcalde na orde de transferencia acreditará tal extremo. Todo iso sen prexuízo do que se estableza para o efecto especificamente para cada subvención. Na convocatoria de cada procedemento determinarase o resto da súa regulación.

En casos moi excepcionais e debidamente informados e xustificados, poderán concederse subvencións "en especie" con cargo á aplicación orzamentaria 2019.0.231.00.48100, e os gastos realizados para a adquisición dos produtos que constitúen a subvención, financiaranse cos créditos consignados nela.

Consiñanse os créditos polos importes que se indican deseguido en concepto de subvencións nominativas ás entidades que se relacionan para os gastos que se expresan, realizados durante o exercicio de 2018:

ENTIDADE BENEFICIARIA	CONCEPTO	IMPORTE
APLICACIÓN ORZAMENTARIA: .338.48000		
Comisión de Festas de Queixeiro	Festas do Rosario 2018	200,00
Comisión de Festas de Queixeiro	Festas de San Xurxo 2018	200,00
IMPORTE IMPUTADO A ESTA APLICACIÓN		400,00

Resérvanse os créditos polos importes que se indican deseguido en concepto de subvencións nominativas ás entidades que se relacionan para os gastos que se expresan, a realizar durante o exercicio de 2019:

ENTIDADE BENEFICIARIA	CONCEPTO	IMPORTE
APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 326.48000		
Consello de Anciáns de Xestoso	Uned Sénior	2.500,00
IMPORTE IMPUTADO A ESTA APLICACIÓN		2.500,00
APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 334.48000		
CPI "Virxe da Cela"	Programa ocupación tempo libre (transporte)	2.400,00
Grupo folclórico, cultural e deportivo "Virxe da Cela"	Actividade asociación cultural	1.855,00
Consello de anciáns de Xestoso	Viaxes culturais	1.000,00
Asociación Veciños Santa María de Vilachá	Xuntanza anual de veciños	800,00
Sociedade Cooperativa do Alto de Xestoso	Viaxe cultural	400,00
ANPA CPI "Virxe da Cela"	Xornada fin de curso	2.289,00
Asociación rural Vilachá	Publicación "Outras Historias de Vilachá"	1.200,00
IMPORTE IMPUTADO A ESTA APLICACIÓN		9.944,00
APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 338.48000		
Comisión de Festas de Queixeiro	Festas do Rosario	1.289,00
Comisión de Festas de Vilachá	Festas de Santa Lucía	1.289,00
Comisión de Festas de Vilachá	Festas de Nosa Señora da Asunción	1.289,00
Comisión de Festas de San Fiz	Festas de San Pedro Fiz	200,00
Comisión de Festas de San Fiz	Festas da Pascua	1.289,00
Comisión de Festas de Taboada	Santa Mariña	1.289,00
Comisión de Festas de San Bartolomeu	San Bartolomeu	1.289,00
Comisión de Festas de Val de Xestoso	Festas de San Pedro	200,00
Comisión de Festas de Val de Xestoso	Festas da Nosa Sra. dos Remedios	200,00
Comisión de Festas da Graña (Alto Xestoso)	Festas de Nosa Señora	1.289,00
Comisión de Festas do Ferro (Alto Xestoso)	Festas de San Cosme e San Damián	1.289,00

Comisión de Festas da Cela	Festas da Cela	2.689,00
Comisión de Festas de Lagares	Festas de San Xiao	2.089,00
Organización Festa Guardia Civil de Irixoa	Festas do Pilar	200,00
Asociación Cultural O Abordelo	Xornada Cultural no Mosteiro	2.400,00
Sociedade Coop. do Val de Xestoso	Feira do Grelo	7.089,00
IMPORTE IMPUTADO A ESTA APLICACIÓN		25.379,00
APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 341.48000		
Club Deportivo Concello de Monfero	Actividade de fútbol sala e ciclismo	1.200,00
Fútbol Club Monfero	Actividade club	4.500,00
Club Deportivo Eumenatura	Actividade deportiva	500,00
Sociedade Deportiva de Cazadores de Xestoso	Actividade asociación cinexética	400,00
Sociedade de Caza Virxe da Cela	Actividade asociación cinexética	600,00
ANPA CPI Virxe da Cela	Actividade piscina Betanzos (transporte)	1.500,00
Club Rally Monfero	Competición automobilística	500,00
IMPORTE IMPUTADO A ESTA APLICACIÓN		9.200,00
TOTAL		
		47.423,00

As subvencións nominativas que se reflicten no cadro anterior, serán obxecto de convenio individual que as desenvolva de acordo co modelo aprobado polo Pleno da Corporación. Abonaranse por transferencia bancaria á conta que deberá estar aberta a nome da comisión ou persoa xurídica correspondente, logo de acreditar a personalidade, co CIF, incluso as comisións de festas, a representación, a presentación da documentación xustificativa dos gastos (facturas, etc.), a declaración na que acredite que os festexos, actividades ou finalidade da subvención leváronse a cabo, que nin o representante nin a persoa xurídica á que representa están incursos en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas, que están ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, que non teñen pendente de xustificar subvención ningunha concedida por este Concello en exercicios anteriores que estea fora de prazo, que cumpren os requisitos establecidos pola Lei 13/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e na que se faga constar se teñen ou non solicitadas e/ou concedidas outras subvencións para a realización da mesma finalidade, indicando en caso afirmativo o importe solicitado e/ou concedido e a entidade ou organismo correspondente. As comisións de festas poderán ser substituídas como organizadoras das festas por asociacións de veciños, asociacións culturais, deportivas ou similares da mesma parroquia que dispoñan de personalidade xurídica propia e o correspondente CIF e que cumpran co resto dos requisitos sinalados anteriormente. Para a percepción da totalidade da subvención para as festas cando o seu importe supere os 200,00 euros, e para a xornada cultural no Mosteiro, xornada de fin de

curso e feira do Grelo, será imprescindible que se instale unha carpa para levarlas a cabo e que a factura correspondente forme parte da xustificación que se presente, senón a contía máxima correspondente reducirase en 1.089,00 euros. A xustificación aprobarase ordinariamente pola Xunta de Goberno Local.

#### Base 15.- Gastos de locomoción, dietas e indemnizacións.

1.- Os gastos de locomoción que se produzan como consecuencia de desprazamentos, fóra ou dentro do termo municipal, por comisións de servizos, xestións oficiais dispostas pola Corporación ou por outras razóns do servizo, polo seu Presidente ou por outros órganos, serán abonados previa a presentación dos correspondentes xustificantes ou declaración. No caso de utilización do vehículo propio por membros da Corporación, funcionarios, persoal laboral e/ou eventual, estarase ao que se dispón, en caso similar, para os funcionarios do Estado, actualmente no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, de indemnizacións por razón do servizo. Para o abono dos gastos derivados da utilización de vehículo propio será precisa a declaración do/a interesado/a e a aprobación polo Alcalde. Cando se trate deste, o mesmo documento terá ambos os dous efectos.

2.- No que respecta ás axudas de custo, as correspondentes ao Sr. Alcalde-Presidente e demais membros da Corporación, por traslado fóra da localidade, mantéñense nas mesmas contías que no ano 2008, e satisfaranse 180,00 € diarios se se pasa a noite fóra do domicilio habitual, e 90,00 € nos demais casos. As relativas a funcionarios, persoal laboral e persoal contratado, rexeranse polas normas establecidas, ou que se establezan, para os funcionarios do Estado, aplicables segundo o que dispón o art. 157 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril.

3.- No que se refire ás indemnizacións, os membros da Corporación percibirán pola preparación de asuntos e concorrencia efectiva a cada unha das sesións do Concello Pleno, da Xunta de Goberno Local, das Comisións Informativas, das Comisións de avaliación de subvencións e das Mesas de Contratación das que formen parte, con independencia do día no que teñan lugar, en concepto de asistencia, a cantidade de 80,00 € por cada unha.

Así mesmo os/as funcionarios/as que teñan atribuída a Secretaría destes ou outros órganos colexiados, ou os que sexan convocados para informar, colaborar ou asesorar naqueles, cando as sesións teñan lugar, ou finalicen, fóra do horario normal de traballo, é dicir, por semana cando se inicien ou finalicen a partir das 15:00 horas, nos meses de xuño a setembro a partir das 14:30 horas, sábados e non laborables, percibirán en concepto de produtividade unha contía igual á que establece o Real decreto 462/2002, do 24 de maio, Anexo IV, para secretaría de tribunal de selección de persoal de segunda categoría ou, no